Plan de xubilación parcial anticipada con contrato de relevo para o Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS) laboral fixo da Universidade de Santiago de Compostela.

O acordo relativo á xubilación parcial anticipada para o persoal laboral fixo da Universidade de Santiago de Compostela, viu interrompida a súa aplicación como consecuencia da aprobación do Real decreto-lei 11/2024, do 23 de decembro, para a mellora da compatibilidade da pensión de xubilación co traballo, que introduciu unha nova regulación do contrato de relevo.

Este novo marco normativo estableceu a obriga de que os contratos de relevo vinculados á xubilación parcial anticipada tivesen carácter indefinido e se concertasen a tempo completo, o que fixo necesario compatibilizar estas esixencias coas normas de acceso ao emprego público do persoal laboral fixo, de conformidade cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Esta circunstancia requiriu a adopción de resolucións administrativas e a aplicación dos criterios establecidos pola Seguridade Social para articular un procedemento compatible coas novas esixencias legais.

A aprobación do Real decreto-lei 19/2026, de 29 de xuño, de medidas urxentes en materia de xubilación parcial anticipada do persoal laboral das Administracións Públicas e de complemento de insularidade en Illes Balears, achegan unha maior seguridade xurídica e establece un marco normativo que facilita a aplicación desta modalidade de xubilación no ámbito das Administracións Públicas, mediante a flexibilización dos mecanismos de contratación do persoal relevista e a súa adaptación ás particularidades de acceso ao emprego público.

Neste contexto, a Universidade de Santiago de Compostela, co obxectivo de impulsar unha renovación planificada do cadro de persoal e facilitar o necesario relevo xeracional, asume o seu compromiso de promover modalidades de saída da institución, que permitan atender, na medida do posible, ás necesidades e circunstancias do seu persoal e, ao mesmo tempo, favorecer a incorporación de novos efectivos.

A negociación deste acordo responde á demanda dos representantes dos traballadores que se mantén vixente desde a publicación do Real decreto-lei 19/2026.

A reitora, no exercicio das competencias que ten atribuídas, e o Comité Intercentros negociaron e acordaron:

1. Ámbito de aplicación.

O presente Plan de xubilación parcial anticipada será de aplicación ao persoal laboral fixo da Universidade de Santiago de Compostela con xornada a tempo completo, incluído no ámbito de aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da USC (resolución do 17 de novembro de 2008 da Dirección Xeral de Relacións Laborais (DOG 30/12/2008),

modificado pola Resolución do 25 de xuño do 2024 da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais (DOG 10/07/2024).

A aplicación do acordo non suporá, en ningún caso, a redución de prazas de persoal estrutural, sen prexuízo das transformacións que se consideren necesarias para dar resposta ás necesidades organizativas.

2. Requisitos da persoa traballadora:

A persoa solicitante deberá reunir, na data do feito causante, os requisitos esixidos na lexislación aplicable, en particular:

- Ter unha idade inferior en tres anos, como máximo, á idade que lle corresponda en cada caso, de conformidade co artigo 205.1.a) da Lei xeral da Seguridade Social.
- Acreditar un período de cotización efectiva de, polo menos, trinta e tres anos. Nos supostos de persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 %, o período mínimo será de vinte e cinco anos.
- Ter unha antigüidade na USC de, polo menos, seis anos inmediatamente anteriores á data da xubilación parcial.

3. Réxime de xornada durante a xubilación parcial

3.1. Redución da xornada

- Con carácter xeral a redución da xornada será o 75% da xornada ordinaria.

- No suposto de anticipación do acceso á xubilación parcial en máis de dous anos respecto á idade ordinaria da xubilación, a redución da xornada de traballo durante o primeiro ano será do 33%.

3.2. Acumulación do tempo de traballo

A persoa xubilada parcial poderá acumular o tempo de traballo en períodos de días na semana, semanas no mes , meses no ano ou todo o tempo ao inicio do período de xubilación parcial, computándose, neste último caso, este período desde a data da xubilación parcial ata a data que acceda á xubilación ordinaria. A determinación do período de prestación de servizos realizarase pola Xerencia a proposta da persoa empregada, tendo en conta as necesidades de servizo.

4. Réxime transitorio e vinculación dos contratos de relevo

4.1. As solicitudes de xubilación parcial anticipada con efectos anteriores ao 1 de abril de 2027 vincularanse aos contratos laborais fixos formalizados con posterioridade ao 1 de abril de 2024 como consecuencia de procesos selectivos derivados de ofertas públicas de emprego ordinarias.

No suposto de que o número de solicitudes supere ao de contratos laborais fixos formalizados con posterioridade a dita data, terán preferencia as persoas traballadoras de maior idade, sempre que cumpran os requisitos esixidos para acceder á xubilación parcial anticipada.

As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima de un mes respecto da data prevista de acceso á xubilación parcial.

4.2. Para as solicitudes de xubilación parcial anticipada comprendidas no período entre o 1 de abril e 31 de decembro de 2027, a universidade fará unha convocatoria no mes de xaneiro para que aqueles traballadores que desexen acollerse a esta modalidade así o soliciten e acompañen a documentación acreditativa sinalada no apartado 8 do presente acordo.

Estas xubilacións vincularanse co persoal que tivese formalizado:

- ✓ Un contrato de substitución en praza vacante, ata que se formalice o contrato de persoal laboral fixo derivado do proceso selectivo para a cobertura definitiva da praza, pasando neste caso a ter a condición de relevista unicamente para estes efectos.

- ✓ Un contrato laboral fixo a tempo completo unha vez resolto o proceso selectivo derivado dunha oferta pública de emprego, que terá a condición de relevista unicamente para estes efectos.

Todas as solicitudes deberán confirmarse cunha antelación mínima de dous meses respecto da data prevista de acceso á xubilación parcial.

5. Solicitudes ano 2028 e seguintes

Para as solicitudes correspondentes ao ano 2028 e seguintes, a USC publicará, durante o primeiro trimestre do ano anterior ao da xubilación prevista, unha convocatoria dirixida ao PTXAS laboral interesado en acceder á xubilación parcial no ano seguinte. Esta convocatoria terá como finalidade facilitar a adecuada planificación do cadro de persoal.

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos para acceder á xubilación parcial anticipada, nos termos establecidos neste acordo.

Todas as solicitudes deberán confirmarse cunha antelación mínima de dous meses respecto da data prevista de acceso á xubilación parcial.

6. Condicións do posto e da persoa relevista

O grupo, a categoría, posto e quenda de traballo, así como o centro, unidade ou lugar de adscrición ocupado pola persoa relevista poderán ser os mesmos ou distintos dos que ten a persoa xubilada parcial. No caso de que sexa en distinta unidade será necesario o informe previo do Comité Intercentros.

O posto de traballo poderá ser do mesmo ou de distinto grupo profesional ou categoría equivalente cunha correspondencia entre as bases de cotización da persoa relevista a da persoa xubilada parcial, de modo que a correspondente á persoa relevista non poderá ser inferior ao 65% da base que viña cotizando a persoa que acceda á xubilación parcial.

De non darse algunha destas condicións, non será posible acceder a esta modalidade de xubilación.

7. Premio extraordinario de xubilación.

Tal e como se recolle no Acordo da Comisión Paritaria do 12 de abril de 2024, publicado no DOG o 10 de xullo de 2024, cando o persoal en situación de xubilación parcial acade a idade de xubilación ordinaria total, manterá o dereito a percibir o premio de xubilación nas mesmas condicións que o persoal en activo. En consecuencia, corresponderalle o importe íntegro de catro mensualidades, máis unha mensualidade adicional por cada cinco anos de servizo ou fracción que exceda dos quince anos de referencia. A contía do premio calcularase tomando como referencia a mensualidade que perciba nese momento o persoal da súa categoría profesional ou dunha categoría similar.

8. Procedemento de solicitude, documentación e resolución.

As persoas que desexen acceder á xubilación parcial anticipada deberán dirixir a súa solicitude á Xerencia dentro do prazo que se estableza en cada convocatoria, indicando a data prevista de acceso a esta modalidade de xubilación e achegando a seguinte documentación:

- Informe do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) no que conste a data na que a persoa solicitante reúne ou reunirá os requisitos para acceder á xubilación parcial anticipada mediante contrato de relevo.
- Documentación acreditativa, emitida polo INSS, na que figure a data na que a persoa traballadora reunirá os requisitos para acceder á modalidade de xubilación ordinaria. Para estes efectos, poderá achegarse un informe de simulación da xubilación ou calquera outro documento oficial que acredite esta circunstancia.

A USC, atendendo a razóns organizativas, económicas, técnicas ou a calquera outra circunstancia que puidese concorrer durante o período de vixencia do presente acordo, valorará individualmente cada solicitude de xubilación parcial, tendo en conta as

necesidades do servizo e as circunstancias concorrentes en cada caso. A eventual denegación da solicitude deberá estar debidamente motivada.

9. Comisión de Seguimento do Acordo.

Constituirase unha Comisión de Seguimento do acordo para a xubilación parcial e o contrato de relevo integrada por un membro de cada organización sindical con representación no Comité Intercentros asinante deste acordo e pola Xerencia.

Semestralmente informarase á Comisión das solicitudes de xubilación parcial tramitadas en virtude do acordo, así como das incidencias que se poidan producir na súa tramitación.

10. Vixencia

Este acordo estará vixente ata o 31 de decembro de 2030 e poderá prorrogarse por anos sucesivos, por acordo expreso de ambas as partes, ata o 31 de decembro de 2034.

Se durante o período de vixencia do presente acordo, incluídas as súas posibles prórrogas, se producisen modificacións na normativa aplicable en materia de xubilación parcial ou de contratos de relevo, as partes comprométense a negociar, de ser o caso, as adaptacións ou modificacións que resulten oportunas, co fin de adecuar o contido do acordo á nova regulación.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2026

Pola representación dos/as traballadores/as:

José Ángel Díaz Pérez (CCOO)

Dores Chedas Hervés (GIG)

José Antonio Burés Liñares (CSIF)

Yésica Gaciño Vicente (PUSC)

José Ramón Bahamonde Hernando (UGT)

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

A reitora

Rosa M. Crujeiras Casais